



EXCMO. CONCELLO  
DA  
ESTRADA  
(PONTEVEDRA)

---Documento: **ADXUDICACIÓN PROVISIONAL POR ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 23 DE AGOSTO DE 2010 E CORRECCIÓNS EFECTUADAS EN X.G.L. DE DATA 30-08-10.**

---Contrato: **DE “SUBMINISTRO E INFRAESTRUTURAS DE TELECOMUNICACIÓNS, RADIO E ENTORNO RURAL (FEESL)”**

---Data de inicio da publicación deste documento no perfil do contratante: **2 DE SETEMBRO DE 2010**

Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia en relación co asunto de referencia.

Visto o expediente tramitado de contratación de “Subministro e infraestruturas de telecomunicacións, radios e entorno rural” (FEESL), cun orzamento de 33.917,34 € (IVE incluído), aprobado pola Xunta de Goberno Local de 31-05-10.

Visto que das catro empresas convidadas so presentaron oferta: TECNOCOM, S.A. e EMETEL, S.L., atendendo ao regulamentado no Prego de Cláusulas Administrativas e Prescricións Técnicas.

Vistas as propostas presentadas polas nomeadas empresas e previa valoración e análise das mesmas, do que resulta que:

- EMETEL., S.L., obtén unha puntuación de 279.377
- TECNECOM, S.A., obtén unha puntuación de 390.625

Vista a fiscalización previa da Intervención municipal de data 18-08-10.

Vista a competencia da Xunta de Goberno Local, segundo o sinalado na Disposición Adicional Segunda, punto 1º, da Lei 30/2007, e Decreto de delegación de 21 de xuño de 2007.

A Xunta de Goberno Local adopta, por unanimidade, os seguintes Acordos:

1º.- Adxudicar provisionalmente o contrato de subministro “TELECOMUNICACIÓNS, RADIO, ENTORNO RURAL” (FEESL) , por importe de 30.781,21 euros (IVE incluído) á empresa TECNOCOM, S.L. ( CIF A28191179), con arranxo aos Pregos de Cláusulas Administrativas e Prescricións Técnicas e á súa oferta.

2º.- A adxudicación provisional queda condicionada, en todo caso, a que por parte do adxudicatario se aporte a seguinte documentación:

- Informe da Tesourería Municipal de que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias para co Concello.
- Certificado de estar ao corrente no pagamento no epígrafe correspondente do Imposto de Actividades Económicas.
- certificado de Axencia Tributaria Estatal de que se atopa ó corrente das súas obrigacións tributarias.
- certificado de que se atopa ó corrente das súas obrigacións para coa Seguridade Social.
- Xustificante de ter constituída na Tesourería do Concello a correspondente garantía definitiva en calquera das formas previstas no artigo 84 da Lei 30/2007. O importe da garantía será do 5% do importe da adxudicación (excluído o IVE).

A documentación deberá ser aportada no prazo máis breve posible e nunca máis alá de 10 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación da adxudicación provisional no Perfil do Contratante.

Transcorrido o devandito prazo, no seu caso, producirase a adxudicación definitiva.

3º.- Notifíquese o presente Acordo e publíquese a adxudicación provisional no Perfil do Contratante.”

A Estrada 2 de setembro de 2010.  
O ALCALDE,

Asdo. José A. Dono López.